

Lorca en Galicia. De cando Federico bailou en Lugo aos acordos dunha muiñeira republicana

XULIO PARDO DE NEYRA
Universidad de Extremadura
Campus de Cáceres

A Xesús Alonso Montero, bo amigo,
erudito lorcólogo e republicano.

1. INTRODUCCIÓN

O día 15 de abril de 1931, o prestixioso médico Rafael de Vega Barrera, por entón presidente de *Alianza Republicana de Lugo*, proclamaba de xeito oficial a II República Española en Lugo dende o balcón principal da casa do concello. De seguido, a través dun editorial aparecido en *El Progreso*, o tradicionalismo dinástico da cidade non dubidou en sinalar:

la República es, como forma de gobierno, sin duda alguna, inmejorable. Mas no hay que olvidar que no todos los pueblos están capacitados para ser regidos por la democracia pura. ¿Lo está el nuestro, eminentemente y tradicionalmente monárquico, aunque el episodio histórico de anteayer indique otra cosa? Ésta es la incógnita presente (*El Progreso* 1931).

Había tempo que os amaños electorais confirmaban a dereita como a forza máis representativa dunha praza que se gababa do alcume de *cidade do sacramento* (cf. Grandío Seoane 1999: 108-114). Nos comicios municipais do 12 de abril, a candidatura triunfante foi a do conxuncionista Ángel López Pérez, alcalde de Lugo durante o reinado de Afonso XIII. Sen embargo, nas eleccións do 31 de maio seguinte os resultados amosaron unha nómina concelleira composta por trece rexedores de *Alianza Republicana*, doce socialistas, un orguista e un de *Derecha Liberal Republicana* (cf. Pardo de Neyra 1999: 180, n. 197 e 2001a: 53). Foi así como a andaina legal da xestora municipal republicana de Lugo comezou o 5 de maio, cando, ao non facer acto de posesión López Pérez, se constituíu o novo concello baixo a presidencia do aliancista José Cobreros de la Barrera, que foi o primeiro alcalde lucense durante a II República Española (cf. Pardo de Neyra 2001a: 53-55).

2. A CULTURA DE LUGO BAIXO O ENGADO DO REPUBLICANISMO DE ESQUERDAS. DA AGRUPACIÓN AL SERVICIO DE LA REPÚBLICA AO COMITÉ DE COOPERACIÓN INTELECTUAL DE LUGO, CO “GRUPO YUNQUE” DE FONDO

Fóra de calquera santificación, está claro que en España a II República posibilitou unha consolidación cultural inmejorable en todas as ordes:

el 14 de abril de 1931, España se encontró frente a uno de los lustros más intensos de su historia. Como entre el polvo de una verja que se hubiese desplomado, la Segunda República se alzaba en las conciencias como una aurora prodigiosa ante la que enmudecía el pasado, todos y cada uno de esos pequeños pasados que ahora, como en un aguafuerte de Goya, las esperanzas parecían perseguir a escobazos (Brihuega 1982: 11).

Os empeños intelectuais do novo réxime que iniciou o seu periplo en abril do 31 procederon principalmente á cohesión das parcelas da ciencia e o ensino, en España altamente depauperadas. Respecto da segunda, como ben lembrou Ricardo Gurriarán:

teremos que remontarnos ao século XIX cando, froito da intolerancia, Francisco Giner de los Ríos e os seus amigos pertencentes a burguesía ilustrada progresista crearon a *Institución Libre de Enseñanza* en 1876. A partir desta, e da preocupación “pedagoxista” de Giner dirixida a crear a base do cambio social e político por medio da educación, foise artellando unha ampla rede formativa que tivo a súa consolidación a partir de 1907 coa creación da *Junta para la Ampliación de Estudios*, organismo que posibilitou o gran cambio formativo de profesores e de alumnos acercándoos aos centros nos que se estaba a facer labor científico e de investigación, ausente en España [...] As consecuencias non se fixeron esperar e, axiña, os que regresaron de formarse no estranxeiro, convulsionaron as obsoletas estruturas universitarias con novos métodos e coa implantación da praxe na aprendizaxe nas universidades españolas. Estas foron adquirindo unha nova dimensión e unha apertura a sectores os que ata aquela estaban vetados [...] Todo ía na dirección de crear minorías dirixentes no sentido de capacitar persoas coa certeza de intervir sociopolíticamente, dado o fracaso da alternativa política aos últimos respiros da Restauración: o rexeneracionismo; e para dar saída ao seguinte eslavón escuro que “aconteceu” daquela: a Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930) [...] Sería, coa chegada da IIª República, cando o soño “gineriano” se materializou engarzado ás estruturas políticas, e cando os discípulos e seguidores de Don Francisco pasaron a ocupar, con proxección e repercusión social, postos de certa responsabilidade con magníficos resultados, mais curto no tempo (Gurriarán 2001).

A ciencia española xa tiña constituído o seu propio vehículo, o *Consejo Internacional de Uniones Científicas*, adscrito dende 1931 á *Liga da Sociedade de Nacións*, que nesas alturas viña de facer un esforzo destacable para promover a cooperación internacional na esfera científica. Pero á par da creación deste consello, esta vez por medio do *Instituto de Cooperación Intelectual*, a liga constituíu o *Comité de Letras y Artes*, adscrito ao primeiro e que, como complemento do labor científico anteriormente desenvolvido, trataba de asentar a cultura no eido das humanidades.

Despois da solemne sesión de apertura do comité español no auditorio da Residencia de Estudiantes de El Pinar, en 1933, avaliáronse os proxectos culturais desta entidade, xa involucrada co programa republicano español. No núm. 3 da revista *Residencia* ficou patente o empeño da asa española do comité, que contou coa presidencia de Zulueta como Ministro de Estado e coa presenza do Ministro de Instrucción Pública Fernando de los Ríos:

al decidir en 1931 resucitar las conversaciones y correspondencias que tanta influencia ejercieron en el siglo XVIII, el Comité de Letras y Artes subrayó la necesidad de demostrar que el mundo intelectual está directamente interesado en la obra de la Sociedad de Naciones, haciendo un esfuerzo para procurarle ocasiones de discutir los problemas que más profundamente le afectan. La primera de estas reuniones tuvo lugar el año pasado en Francfort con motivo del centenario de Goethe.

La segunda reunión tuvo lugar en Madrid, en el Auditorium de la Residencia de Estudiantes, durante los días 3 al 7 del actual mes de mayo (*Residencia* 1933a: 103)¹.

Foi desta forma como da esfera intelectual de institucionistas como Cossío, Domingo, Barnés, Llopis, Negrín, Ríos ou Soria y Espinosa xurdiu o interesante proxecto da extensión da cultura a todas as fronteas da España republicana. Tanto é así que a carón de necesitadas reformas nos eidos do traballo, a agricultura e a laicización estatal, a República afrontou os desexos augurados pola “xeración de 1914”, adscrita á *Liga de Educación Política Española* (1913), grupo composto por figuras como Or-

¹ Como deixou patente Gregorio Marañón na quinta sesión, a do 5 de maio de 1933, a nova sociedade estaba a reclamar a intervención das súas elites intelectuais (segundo a Alfonso Reyes subliñou que “habrá una o dos generaciones de intelectuales sacrificadas al servicio de la sociedad nueva”, *Residencia* 1933b: 176), polo que, contando co interese da política cultural da II República Española, os membros integrantes das xuntanzas madrileñas (Mme. Curie, Hélène Vacaresco, Henri Bonnet, Viggo Brøndal, Agustín Calvet, Júlio Dantas, Genaro Estrada, Manuel García Morente, Edwin M. Gay, J. B. Haldane, Paul Langevin, Otto Lehmann, Salvador de Madariaga, Miguel de Unamuno, Gregorio Marañón, J. D. Montenach, Georges Opresco, Francesco Orestano, Wilhelm Pinder, Jules Romains, Paul Valéry, A. R. Severi, Josef Strzigoński e Karol Szimanovski; cf. *Residencia* 1933 a: 104) adoptaron seis conclusións nas que declaraban que o “porvenir de la civilización, en todas sus formas, está en estos momentos subordinado a la paz general, y que las demás condiciones, más particulares o más técnicas, dependen de ella”, que o “porvenir de la cultura, incluso en el interior de las naciones, está eminentemente ligado al desenvolvimiento de estos elementos universales, que, a su vez, dependen de una organización de la Humanidad como unidad moral y jurídica”, que a “cultura nacional no se puede concernir más que en relación con las culturas nacionales vecinas, y la cultura universal, que las comprende todas” e que, por iso, “el hombre no puede atender a la plena cultura más que en libertad de intercambios intelectuales entre hombres, naciones e instituciones”, que o individuo estaba suxeito ás limitacións morais e xurídicas que cada nación debía redactar para salvagardar a unidade da humanidade, que a educación debía ser o máis amplamente humana posible pero tendo en conta as aptitudes individuais e que o porvir da cultura se basearía en criterios selectivos para conseguir a creación dunha elite de espíritos “que imprimen (*sic*) a las creaciones del pensamiento humano un valor y una calidad suprema” (*Residencia* 1933b: 181).

Pola súa parte, Luís Tobío relacionou a importante presenza destes acontecementos co impulso altamente revelador da “nova era” que a II República tentou aproximar á cultura do momento (cf. Tobío 1994: 263).

tega, Azaña, Ríos, Araquistáin, Díez-Canedo, Castro, García Morente, os irmáns Luzuriaga, Maeztu, Pérez de Ayala, Machado ou Madariaga².

O 10 de febreiro de 1931, José Ortega y Gasset, Gregorio Marañón e Ramón Pérez de Ayala asinaron o manifesto da *Agrupación al Servicio de la República*, onde se confesaban seguidores dunhas pautas culturais que os afirmaban como cabezas dun movemento de marcados intereses renovadores, así como tendentes á reunión intelectual:

Ilamaremos a todo el profesorado y magisterio, a los escritores y artistas, a los médicos, a los ingenieros, arquitectos y técnicos de todas clases, a los abogados, notarios y demás hombres de ley. Muy especialmente necesitamos la colaboración de la juventud (Cores Trasmonte 1989: 46).

A continuación, nos acontecementos que posteriormente se celebraron en Segovia, nos que se lles uniu Antonio Machado, foi Marañón o que salientou a imperiosa necesidade da constitución de grupos en cada localidade española, onde:

los hombres, las mujeres que viven entregados a la rectitud de una labor positiva y fecunda, amando a España en la forma decisiva que es volviendo a crearla cada día con su esfuerzo, pero alejados de la política por hastío o por inexperiencia, se concentren, se agrupen, porque ellos son la nación verdadera, inédita todavía para la vida oficial, que se marchita (cf. Cores Trasmonte 1989: 46).

Proclamada xa a II República en España, o mesmo Marañón decidiu afrontar a decisión de construír unha nación nova e aberta, na que o individuo se situase a rentes do compromiso do novo réxime (cf. Marañón 1932). En menos dun mes despois da súa constitución central, a agrupación consolidouse en Vigo, cidade na que Manuel Gómez Román realizou un chamamento que axiña permitiu a creación dun comité provisional onde se situaron González Pastoriza, González Garra, Xerardo Álvarez Gallego e Ferreiro Veiga.

Francisco Javier Elola, desde maio de 1931 Fiscal General da República por nomeamento do Ministro de Xustiza Fernando de los Ríos e maurista integrado no *Partido de Derecha Liberal*, foi o único candidato galego que fixo propaganda republicana baixo o selo da *Agrupación al Servicio de la República*. Durante as eleccións constituintes de 1931 e precisamente en Lugo, onde representaba a conxunción republicano-socialista, conseguiu que tanto alí como en Monforte de Lemos se formasen senllas asas da agrupación. Da lucense xurdiría o proxecto intelectual duns xo-

² No mesmo ano da súa fundación, ano no que Azaña entrou a ocupar a secretaría do *Ateneo de Madrid*, a liga promoveu a creación dunha nova caste intelectual, a do *home novo*, excelentemente pintada por Luís Araquistáin en *España en el crisol* (cf. Araquistáin 1920).

Se baixo este mesmo interese se situou a conferencia “Vieja y nueva política”, que Ortega y Gasset pronunciou no *Ateneo* en marzo de 1914, cando o 30 de setembro de 1932, Manuel Azaña leu en Santander o seu relatorio “La coalición republicano-socialista. La federación parlamentaria. La obra realizada y el programa del Gobierno”, incidiu sobre a necesidade da construción dun edificio cultural que asegurase a transmisión da liberdade individual e novamente falou da necesidade da creación dunha “clase social nueva”, quen de comprometer os españois co programa de nivelación social que propoñía o programa esquerdista (cf. Azaña 1990: 57).

ves inquietos que, baixo o pensamento republicano de esquerdas, ao pouco tempo constituirían o *Comité de Cooperación Intelectual de Lugo*, creado ao amparo do programa dos comités que dende finais de 1931 funcionaban en España gracias á intervención de Arturo Soria, irmán de Carmelo Soria, funcionario das *Nacións Unidas* e vítima do terrorismo fascista chileno. Este último foi quen instigou o seu irmán para que, a partir de 1926, se dedicase á constitución de asociacións universitarias españolas, o que o fixo promover, a carón de Sbert Massanet, a fundación da *Federación Universitaria Escolar* (cf. Riaño Lanzarote 1931). Á par que García Lorca se decidía a facer a maleta co gallo de iniciar a súa marcha a prol do rexeneracionismo cultural coa súa propia compañía teatral, Soria y Espinosa acometía o interesante desexo de conectar as provincias da xeografía española a través dos comités recentemente fundados.

Desde os derradeiros tempos da ditadura primorriveriana, cando o socialismo español comezou a avanzar da man de Besteiro, Largo Caballero e Marañón, os conflitos estudiantís fixéronse cargo das aulas universitarias españolas. Mentres o cardenal Segura incitaba á aristocracia española respecto do perigo que para el supoñía o avance das democracias e Afonso XIII se entretíña fundamentalmente outorgando prebendas e cazando por terras andaluzas, despois de que unha *real orde* decidise suprimir a Universidad de Murcia, os conflitos estudiantís convulsionaron a universidade española. Froito de tales acontecementos, o mesmo rei asinou unha orde de expulsión e inhabilitación para o exercicio de cargos públicos contra Antonio M^a Sbert, alumno da Escuela de Ingenieros Industriales de Madrid e un dos principais responsables da creación do fronte estudiantil antifascista da *FUE*.

Entrementres, na Galicia pre-republicana, abandonado xa o primeiro programa vangardista, un interesante grupo de intelectuais coincidía en Compostela, dándose cita nos simbólicos cafés *Derby*, *Suízo* e *Español*. Alí reuníanse figuras como Fole, Dieste, Manteiga, Cunqueiro, Carballo Calero, Cuadrado, Bal y Gay, Maside, Fernández del Riego, Martínez López, García-Sabell, Xoán Xesús González, Colmeiro, Patiño, Casas, Montes, Suárez Picallo, Fernández Mazas ou Seoane (cf. Pardo de Neyra 1999: 190-191 e 2001a: 138-139). Todos eles formaron parte da senlleira ‘xeración da República’, movida baixo intereses democrático, preocupada pola resurrección da cultura en todos os frontes e que actuou apoiándose principalmente nos establecementos do pensamento esquerdista, os que mellor definían os intereses do individuo.

Mentres en Mondoñedo, Cunqueiro fundaba a revista *Galiza* (1930-1932, cf. Pardo de Neyra 2001b: 83), nos momentos finais da ditadura primorriveriana, en marzo de 1930 saía ás rúas lucenses a revista *¡Ahora!*, semanario republicano que dirixía Avelino López Otero e que, por cuestións de coincidencia de nome, rapidamente pasou a chamarse *Guión*, denominación que en Lugo deu nome a unha das asas da “xeración da República” da que falo: o “grupo *Yunque*”, espacio xeracional republicano propio da cidade das murallas romanas, por veces cualificado como xeración (cf. Fernández de la Vega 1975).

O ambiente que se respiraba nesta cidade cando, o 11 de maio daquel mesmo ano, *Guión*, primeiro “Semanario Republicano” e despois “Semanario de Izquierdas”, irrompeu con forza nos enrarecidos ambientes tradicionalistas da praza, sen embargo e contra o que cabería agardar, era de xeneralizado rexeitamento cara á monarquía de Afonso XIII. Mentres que nesta revista Fole asinaba co pseudónimo *Troitiño* a célebre sección anticlerical “Almanaque Compostelano” e, á vez, publicaba o seu coñecido poema “Banderas Rojas”³, *Ángel Johán*, Mercedes e Luís Pimentel, Avelino López Otero (o seu director), Xosé Posada, Arcadio Romero Boelle, Enrique e Julio Ramos, Manuel Sariñena, Xesús Bal y Gay, Rafael de Vega Barrera, Xosé del Peso Sevillano, Xosé Gayoso Veiga, Francisco Lamas, Luís Manteiga, Víctor Casas, Xosé Otero Espasandín, Álvaro Cunqueiro, Luís Seoane, Fermín Bouza-Brey, Xosé Carreiras, *Ben-Cho-Shey*, Antón Villar, Xosé M^a Castroviejo, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Emilio Mosteiro trataban de colaborar e dar forma as follas de *Guión*, a experiencia que abría as páxinas da cultura republicana na *cidade do sacramento*.

Ante o escándalo que unha revista como esta produciu nas esferas máis conservadoras de Lugo, o que levou ao peche da iniciativa xornalística, os referidos Fole, Posada, Cunqueiro, Manteiga, Gayoso Veiga, Lamas e Seoane decidiron conformar un novo semanario, esta vez co título de *Yunque*. Xa no derradeiro número de *Guión*, Ángel González, Xosé Gayoso, Ramón Martínez, Ánxel Fole, Francisco Lamas, Luís Manteiga, Arturo Cuadrado, Xoán López Durá, Luís Seoane, Mauro Varela, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Luciano Martínez de la Riva asinaron a partida de defunción da continuadora de *¡Ahora!*, á vez que, denunciando o levitismo ideolóxico do discurso tradicionalista lucense, non rexeitaron da súa entrega dirixida cara ao saneamento cidadán e en aras da constitución do “espírito novo” para Lugo (cf. Pardo de Neyra 2001b: 76-77):

los que ésto firmamos, ante reiteradas protestas de determinados elementos de una manera decidida, abandonamos la redacción de este periódico.

El motivo de tales inoportunas protestas parece ser que es la violencia (!!) que, según estos retardatarios elementos, caracterizaba el sesgo que en sus últimos números había tomado GUION

A los lectores conformes con la última actitud de este periódico les comunicamos que fuera de él continuaremos con verdadera violencia, aunque con justicia, nuestra campaña pro saneamiento ciudadano y propaganda del espíritu nuevo.

A los otros lectores, a los retardatarios y filisteos, nuestra protesta, seguramente acompañada de la condenación del elemento joven y avanzado (*Guión* 1931).

³ A chegada de Fole ao distrito universitario de Compostela, procedente das universidades de Valladolid e Madrid, sitúase en 1929. Dende aquel ano, e por mediación dos seus iniciais contactos galeguistas, coincidiu con García-Sabell, Seoane e Carballo Calero nas ringleiras da *FUE* compostelá, que o primeiro presidía (cf. Tobío 1994: 254; Pardo de Neyra 1999: 189, n. 215). Desta asa é da que, principalmente, referiu o seu interese pola conformación en Lugo dunha sección do *Comité de Cooperación Intelectual* que xa funcionaba na capital galega.

Aínda que *Yunque* non conseguiu ver nunca nas rúas de Lugo os seus “CADERNOS Yunque” que se anunciaban no núm. 2 (cf. Hermida García 1987: 50), a revista, que duraría seis números e levaba o subtítulo “Periódico de vanguardia política”, publicou o seu primeiro número o día 1 de maio de 1932.

A carón de Fole, o seu máximo impulsor e quen exercía as tarefas de dirección, de Francisco Lamas, que se fixo cargo da promoción, Antonio Suárez Villamarín, encargado dos labores de impresión, Romero Boelle e *Ángel Johán*, con Norah Borges os autores das ilustracións, a revista contou co apoio e a dedicación de xoves comprometidos de toda a xeografía nacional: Pimentel, Gayoso Veiga, Martínez López, Varela Fernández, Piñeiro, Lourenzo Varela, Dónega, Cunqueiro, Santiso Girón, Tobío, Eiroa, Colmeiro, Maside, Montero Díaz, Risco, Sigüenza, Pita, Cuadrado, López Durá, Martínez de la Riva e Seoane.

As verbas iniciais publicadas no número inaugural da nova empresa, daban conta do interese renovador que agachaba a publicación, así como da íntima relación que unía os xoves intelectuais lucenses cos pertencentes ás esferas compostelás:

nosotros que nos llamamos, con legítimo orgullo “generación de YUNQUE”, abrimos brecha en la política provincial desde las páginas de *Guión*, cuando aquel semanario pasó a nuestras manos, dejó su tono desvaído, y el ataque tímido pasó a ser impetuosa embestida. El último número de *Guión* se tiñó de rojo estridente. Esto escandalizó a los señores que lo financiaban⁴. Entonces lo abandonamos definitivamente, y fundamos *Yunque*. Éramos un grupo de gentes animosas que creíamos – y creemos – que la política es esencialmente, lucha; que sólo deja de ser lucha para ser farsa. En nuestra tarea de adecentamiento fuimos generosamente ayudados por unos cuantos muchachos de Santiago: Luis Tobío, Cuadrado, Manteiga, Seoane, Durá, etc. Nuestros martillos seguirán machacando valientemente toda suerte de fauna filistea: mlites fanfarrones, clérigos intrigantes, carcas chabacanos, innobles leguleyos, repugnantes patanes de caciquería, etc. *Yunque* será algo más que un periódico (mejor un aperiódico) de vanguardia política: será el inicio de una honda labor de rebeldía en la provincia contra los viles mastuerzos que la oprimen (*Yunque* 1932).

Este grupo foi o principal responsable do interese na organización e fundación dunha asa lucense do *Comité de Cooperación Intelectual*, que se produciu pola mesma altura que *Yunque*, a súa revista, facía aparición na cidade galega.

O primeiro dos acontecementos nos que participaron os homes do aínda non constituído comité lucense se tratou da conferencia “Los problemas pecuarios de Galicia”, que o por entón inspector de gandería Cruz A. Gallástegui Unamuno deu o 14 de maio no *salón de columnas* do *Círculo de las Artes* (cf. *El Progreso* 1932a). Este relatorio, no que fixo de presentador o presidente da sociedade José Lomas Díaz, co-

⁴ A familia Pimentel.

nectado co labor anteriormente despregado na cidade polo “grupo *Ronsel*”⁵, pódese considerar como o paso previo e decisivo para a constitución do comité.

Mentres no resto de Galicia se fundaban numerosos comités (Compostela, A Coruña, Vigo e Pontevedra⁶), na cidade de Lugo a iniciativa se fraguou durante o mes de maio de 1932. É así que, á par da saída do primeiro número de *Yunque* e á vez que Correa lle insistía a Gallástegui para que falase no *Círculo de las Artes* lucense, a maior parte dos mozos que se agrupaban baixo o “grupo *Yunque*” (Fole, Lamas, Romero Boelle, Manteiga, Gayoso Veiga, Martínez López, Cunqueiro; cf. Alonso Montero 1981: 253) e algún vello compoñente do anterior “grupo *Ronsel*” (*Ángel Johán*, Correa e Pimentel) decidiron poñerse ao servizo das iniciativas culturais republicanas organizando o *Comité de Cooperación Intelectual de Lugo*, adscrito á *Sociedad Española de Cooperación*, que se aloxaba no Hotel Méndez Núñez da Rúa da Liberdade.

⁵ Non se pode esquecer que, seguindo o programa de reconversión económica que Evaristo Correa Calderón amosou ben dende a súa sección xornalística “Arar y Cantar” en *El Pueblo Gallego* de Vigo, ben na súa propia dedicación como editor, dentro da sección “Publicaciones Científicas” da Editorial Ronsel de Lugo, homónima da revista de vangarda lucense, en 1924 tirouse do prelo o ensaio científico *Cómo se debe hacer la selección del maíz*, de Gallástegui Unamuno, a terceira das publicacións da empresa que dende agosto daquel mesmo ano funcionaba na cidade das murallas romanas. Desta forma, por tanto, a chegada de Gallástegui ao Lugo republicano debeuse aos seus anteriores contactos coa esfera vangardista lucense (os *ronseis* e especialmente Evaristo Correa Calderón), que, por iso, foi quen actuou como motor da nova constitución do *Comité de Cooperación Intelectual de Lugo* en 1932 e, neste caso, xa non potenciando a nova empresa cultural, tratou de aproximar á cidade figuras do seu propio ámbito literario madrileño: Gómez de la Serna e García Lorca.

⁶ Os comités de Vigo, Compostela e A Coruña xa funcionaban a comezos de maio de 1932, pois o día 5 Lorca asistiu á cidade olívica en calidade de convidado para pronunciar o relatorio “Arquitectura del cante jondo”, que o día 8 repetiu no *Teatro Rosalía de Castro* da Coruña (Martínez Barbeito dixo que a substituíu por fragmentos e impresións de *Poeta en Nueva York*; cf. Martínez Barbeito 1945). Do *Comité de Cooperación Intelectual de Vigo* formaban parte González Pastoriza, o industrial Fadrique, o Dr. Arbones, o catedrático Toledano Cañamaque e o arquitecto Gómez Román, todos os que se retrataron co escritor andaluz co gallo da lectura do seu relatorio (cf. *El Pueblo Gallego* 1932a, Porto Ucha 1986: 375, Alonso Montero & Villar 1998: 11). O propio Soria trasladouse á cidade galega co gallo de organizar persoalmente o comité vigués (cf. Landeira Yrago 1986: 42, n. 75).

O relatorio lorquían, terceiro dos actos do comité de Vigo, foi precedido dunha intervención do capitán Iglesias Brage, que no Teatro *García Barbón* o 22 de abril anterior expuxo “el proyecto de la expedición al Amazonas a bordo del buque ‘Artabro’” (Landeira Yrago 1986: 42).

En Compostela, cidade onde o 7 de maio e na sé da *Real Sociedad Económica de Amigos del País* pronunciou a conferencia “Paraíso cerrado para muchos, jardín abierto para pocos (Granada y su poeta del siglo XVIII)”, Lorca coñeceu a Cuadrado, Lamas, Manteiga, Carballo Calero, Fernández del Riego, Fole, Rolán, Tobío, Seoane e Maside (cf. Alonso Montero & Villar 1998: 12), o que sen dúbida serviu para que os lucenses deran forma ao seu propio comité e o emprazasen para pronunciar un relatorio en Lugo.

Na cidade do Lérez, sen embargo, con sé no Instituto, o *Comité de Cooperación Intelectual* iniciou a súa andaina o 23 de setembro de 1932. Baixo a presidencia de Luciano del Río Besada, nel integráronse persoas como Evaristo Mosquera, Javier Andrade Cimadevila, Bernardo Salom de la Hoz, Luis Pintos Fonseca e Luis Poza Pastrana (cf. Río 1973, Alonso Montero 1974: 186, Alonso Girgado 1998: 59, Alonso Montero & Villar 1998: 13; Pardo de Neyra 2001a: 190-191).

Eran tempos de ilusionado e fervente exercicio político e cultural en Lugo: o primeiro mitin comunista na historia da cidade, desenvolvido por Henri Lacroix de Madrid e Eugenio Fernández Granell da Coruña ás once da mañá do 27 de setembro de 1932 no *Teatro Principal* da Rúa Castelar (cf. *El Progreso* 1932f), o *Ateneo Popular de Lugo*, que comezou a súa marcha en xuño de 1932 (cf. Pardo de Neyra 2001a: 215⁷), o *Ateneo Obrero de Lugo* (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 217-218), o *Ateneo Libertario Humanidad Libre* (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 219-223), o xornal *Vanguardia Gallega* dos Correos Calderón, que saíu ás rúas lucenses o día 6 de outubro de 1931 (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 141), o *Instituto de Cultura Gallega* fundado en novembro de 1931 (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 207), voceiros como *Horizontes* e *La República* (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 137 e 177), o *grupo Ars* (cf. Pardo de Neyra 2001a: 231-232), a homenaxe a Castelao celebrada en xuño de 1932 (cf. Pardo de Neyra 2001a: 164-169⁸) e a constitución, por impulso de Ramón Martínez López, catedrático aousán establecido en Lugo, da asa xuvenil galeguista da cidade (cf. Pardo de Neyra 2001b: 67)⁹. En todas estas iniciativas, en maior ou menor medida, atópanse os mesmos nomes, os dos homes que, en plena comunión co espírito libertario republicano, tentaron dar forma a cultura dunha praza que renacía con consciencia de seu e arelas universalistas.

⁷ No que por entón era “Diario Popular” *El Progreso*, despois de publicarse en agosto de 1932 a xestora do *Ateneo Popular de Lugo* (Enrique Gómez Giménez, presidente; Alfredo Rodríguez Labajo, vicepresidente primeiro; Ramón Martínez López, vicepresidente segundo; Juan Morros Sardá, vocal primeiro; Mauro Varela Fernández, vocal segundo; Ángel Balboa Amado, depositario; Saturnino Torres, contador; Luís Pimentel, bibliotecario, Germán Lastra Cancio, secretario primeiro, Emilio Salgado, secretario segundo, e Manuel F. Márquez, secretario terceiro; cf. *El Progreso* 1932b), o 22 de novembro dábase conta da súa sé social no primeiro andar da casa número 5 da Rúa Bolaño Ribadeneyra, ao tempo que o seu secretario primeiro afirmaba: “venciendo dificultades, sorteando obstáculos y luchando día tras día con los innumerables escollos encontrados en el camino, el Ateneo popular lucense se ha puesto en marcha pese a las críticas de los enemigos de la cultura del pueblo y a los mal intencionadas profecías de los murciélagos que desean apagar la antorcha sagrada de un puñado de entusiastas amantes de aquella y de la democracia que han encendido contra viento y marea” (cf. *El Progreso* 1932l).

⁸ A información que publicou *El Progreso* respecto da homenaxe lucense de Castelao foi case irrelevante, situándose unicamente en escuetas notas editoriais: “El homenaje de Galicia a Castelao en Lugo” (4/06/1932), “El homenaje a Castelao” (19/06/1932) e “El homenaje a Castelao” (21/06/1932). Pola contra, *Vanguardia Gallega* ofreceu unha información detallada dos acontecementos (cf. Pardo de Neyra 2001a: 164-169).

⁹ Dende febreiro de 1932, Lugo contaba coa súa propia asa galeguista, impulsada logo da celebración dun mitin de Ramón Martínez, Paz-Andrade e Castelao (cf. Pardo de Neyra 2001a: 109). Segundo o 22 de novembro daquel ano informou *El Progreso*, ás oito da noite do 25 seguinte ía celebrarse unha xuntanza xeral do *Partido Galeguista de Lugo* no local social do segundo esquerda da casa núm. 2 da Rúa Quiroga López-Ballesteros (domicilio de Ramón Martínez López). Por esta mesma nota sabemos que a primeira xestora do partido lucense estaba composta por Benigno Varela Fernández (presidente), Reynaldo Gómez Neira (vicepresidente), Servando Gómez Aller (secretario), Manuel Iglesias (contador), Andrés Tato (tesoureiro), Xosé Pimentel (bibliotecario) e Ramón Martínez, Salustiano Carro e Constantino Rodríguez (vocais) (cf. *El Progreso* 1932n).

3. A ACTUACIÓN DO COMITÉ DE COOPERACIÓN INTELECTUAL DE LUGO, UN DOS ESLAVÓNS DA DIMENSIÓN INTELECTUAL REPUBLICANA LUCENSE

Como expuxo José Landeira:

la República española de 1931 quiso llevar a las provincias el éxtasis literario y popular del abril madrileño que abrió su corazón a la quimera. Los Comités de Cooperación Intelectual, de creación reciente e instantánea, potenciaron en las regiones la idea regeneracionista, el institucionismo y el europeísmo —pensamiento, tradición cultural, convivencia democrática—, que galvanizaron el esqueleto polvoriento de la península andante (Landeira Yrago 1986: 7).

Tras a súa fundación e como o resto de comités da nación, o lucense abriu o seu labor coa organización dun “ciclo de conferencias” (A.G.D. 1932). A través da intervención de Evaristo Correa Calderón, quen para iso rescatou ao seu amigo e mestre da súa anterior viaxe vangardista madrileña, o intelectual escolleito para a apertura da vida do comité foi Ramón Gómez de la Serna. Despois de informar da súa futura chegada a través de anuncios editoriais (cf. *El Progreso* 1932c, 1932d e 1932e¹⁰), Antonio García Díaz, un dos xoves que apoiaban o labor despregado polo *Comité de Cooperación Intelectual de Lugo*, publicou neste medio o artigo “El Comité de Cooperación Intelectual. La conferencia de Ramón Gómez de la Serna”. Nel tratou da “conferencia-maleta” que, baixo o título “Variedades”, pronunciou o escritor madrileño.

O relatorio, ao que *Ramón* acudiu provisto dunha maleta da que foi sacando numerosos obxectos que ocuparon parte da súa intervención (“los objetos más dispares fueron saliendo de la maleta que el conferenciante llevaba como libro de notas para su disertación, haciendo de cada uno de ellos motivo de una charla deleitosa”), finalizou cunha lectura de greguerías e unha “extensa colección de alfilerazos a la impenetrable piel del elefante, como venganza al mal rato que un magnífico paquidermo le hizo pasar en París, cuando leyó sobre sus lomos unas cuartillas” (A.G.D. 1932).

A seguinte mención que, do comité, atopamos no devandito medio xornalístico é o artigo editorial “Comité de Cooperación Intelectual”, onde se publicou a programación “para este invierno”. Esta constaba dunha sesión cinematográfica de vangarda (que sería celebrada o día 6 de novembro), un relatorio de García Lorca (anunciado para o 19 seguinte) e, xa en decembro, un recital de guitarra española de Sáinz de la Maza e unha conferencia de José Bergamín. Así mesmo se indicaba que a sé do comité estaba localizada no *Hotel Méndez Núñez* e que as cotas de suscripción eran de cinco pesetas mensuais, a ordinaria, e de dúas cincuenta, a especial para obreiros e estudantes (cf. *El Progreso* 1932g).

¹⁰ Por eles sabemos que Gómez de la Serna chegou á cidade o 23 de setembro, que se hospedou no Hotel *Méndez Núñez* da Rúa da Liberdade e que deu o seu relatorio ás sete e media da tarde do día 24 nun dos salóns do palacio de san Marcos, sé da deputación provincial.

O 4 de novembro seguinte anunciouse a primeira sesión de cine científico que, efectivamente, se celebrou ás once da mañá do domingo día 6 no cinema do *Círculo de las Artes*. Alí pasáronse as cintas documentais *A eiruga e o cardo* e *Insectos acuáticos*, ademais do filme *Turksib*, “film vanguardista, con sincronización descriptiva”. Tamén se destacou que:

los programas de cine, de la Sociedad Española de Cooperación a la que este Comité está adherido, están integrados por modernísimas producciones cinematográficas, cuya proyección está terminantemente prohibida para exhibiciones públicas, estando reservadas por los Comités y Asociaciones Culturales. Forman parte de ellas, películas de alto valor científico, y de morfología y argumentación totalmente nueva en el campo de la cinematografía (*El Progreso* 1932h)¹¹.

Despois de que, o 22 de novembro seguinte, García Lorca accedese á lectura do seu relatorio “*Marie Blanchard*, vida y angustia de la pintura moderna”, o cuarto acontecemento lucense do comité foi o devandito recital musical do guitarrista Regino Sáinz de la Maza, que, como a sesión cinematográfica científica, se celebrou no *Círculo de las Artes* da Praza da República. Tras a conferencia de José Bergamín, o comité levou a Lugo a Santiago Montero Díaz, que expuxo a súa visión sobre o estatuto de autonomía de Galicia¹², e, xa en 1933 e no mesmo lugar no que os anteriormente citados pronunciaron as súas intervencións, o salón principal do palacio de San Marcos, pouco despois de que o *Círculo de las Artes* acollera o recital do arpista Nicanor Zabaleta, que interpretou obras de Chopin, Bach e Debussy, Castelao leu o 23 de mar-

¹¹ Foi este o primeiro chanzo para que, o 8 de decembro de 1935, no *Círculo de las Artes*, se constituíse o *grupo Ars*, o primeiro cineclub de Galicia, integrado por Rosendo Rodríguez Seijo, Leopoldo Gasalla, Germán Alonso Hortas, Antonio Correa Calderón, Jesús Díaz Carreira, Alfredo Rodríguez Labajo, Glicerio Albarrán, Celestino Alonso, Germán Araújo, Manuel Sariñena, Antonio Díaz Gallego, Xosé Pimentel e Camilo López Pardo.

O mesmo día da súa constitución, ás doce da mañá e baixo un interesante programa de cine de vangarda, proxectouse o documental de Epstein *Fisterra (O mar dos corvos)* e o filme de Poirier *Cain* (1929) (cf. Fole 1981: 181-182). Na segunda xuntanza, cun horario semellante ao da primeira, ás doce do mediodía do 29 de decembro, se pasou o documental *Secretos de África* (sobre o *raid Alxer-Dakar-Alxer*) e o filme ruso *O pobo do pecado (As mulleres de Riazán)* de Olga Preobranskaia. A terceira sesión se celebrou o 12 de xaneiro de 1936 e nela se visionou *Guaiana inglesa, A vida das plantas (Vida amorosa das plantas)*, *A orixe do home e da vida (Naturaleza e amor)* do Dr. Nicolas Kauffmann e unhas imaxes reconstructivas da vida do home das cavernas. O 26 de xaneiro seguinte, na cuarta xuntanza, proxectáronse os documentais *Curiosidades mundiais* e *Con Allan Cobhan ao lago Quivu*. Na sétima, celebrada o 15 de marzo, viuse *Os animais marítimos do Adriático* e *O túnel* de Bernard (adaptación da novela homónima de Kellermann publicada en 1913). A novena estivo constituída polo concerto que a *Orquesta Sinfónica de Madrid*, dirixida polo mestre Fernández Arbós, efectuou ás sete e media do serán do sábado 16 de maio, “pero hubo más sesiones del Grupo Ars, de cine-club. Por lo menos “El hombre de Arán”, dirigida por Robert Flaherty, y el cuento de Edgar Poe “El hundimiento de la casa Usher”, de Jean Epstein. Quizá el último film fuese nada menos que “La línea general”, del incomparable ruso Sergio Eisenstein. En un Lugo sin la actual Ciudad Cultural, sin la actual Plaza de Abastos, sin el edificio de la Escuela del Trabajo de la Puerta del Obispo Odoario ni la avenida de Ramón Ferreiro” (Fole 1981: 183).

¹² Montero tamén foi seleccionado para as conferencias que durante 1933 organizou o *Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra* (cf. Alonso Girgado 1998: 59).

zo o seu relatorio “O novo espírito no Arte”, que *Vanguardia Gallega* recolleu dous días despois (cf. *Vanguardia Gallega* 1933).

4. FEDERICO GARCÍA LORCA EN LUGO. O RELATORIO “MARIE BLANCHARD (VIDA Y ANGUSTIA DE LA PINTURA MODERNA)” E A CESIÓN DO “MADRIGAL Â CIBDÁ DE SANTIAGO” PARA YUNQUE.

É indubidable que:

Eugenio Montes, Jesús Bal, Feliciano Rolán, Rafael Dieste, Urbano Lugrís y Ernesto Guerra da Cal, *Benjamin de la trulla*, incitaron desde Madrid, durante la etapa en el internado de la Residencia de Estudiantes, las visitas de García Lorca a Galicia [...] Intelectuales de la talla de Luis Seoane, Carlos Maside, Álvaro Cebreiro o Arturo Cuadrado, entre otros, acompañan al literato en sus nuevas incursiones, allá por 1932, y se dejan embelesar por “la mágica palabra” de un Lorca que ya había indagado en las relaciones históricas de Galicia con el reino de Granada (Casas 1998).

Despois dunhas primeiras viaxes por terras lucenses, coruñesas e compostelás do estudante García Lorca por 1916¹³, cando en Madrid se cocíñaban as vangardas máis anovadoras, a través dos seus contactos coa pléiade de *Pombo* e *Colonial*, así como a través das súas regulares asistencias ao *Centro de Estudios Históricos*, Lorca coñeceu a Evaristo Correa Calderón, escritor galego que por entón estaba residindo na capital española. A súa proxección literaria era aínda inexistente, mentres cá do galego se xestionaba nos prestixiosos medios xornalísticos *La Esfera*, *España Nueva*, *la Ilustración Española y Americana* ou *Renovación Española*. Á par que Evaristo andaba entretido coas prácticas do dadaísmo e do vibracionismo literario, Federico estaba a darlle voltas ao neopopularismo poético. Froito deste programa, que o galego aprendeu das súas conversacións con Lorca e Alberti, despois de agasallar á literatura galega coas primeiras mostras do vangardismo autóctono, a finais dos anos dez decidiu apostar pola recuperación do popular en clave galega. Foi así que en 1919 escribiu “Arte popular. Pra acompañamento de gaita, o lonxe” e en 1920 “Cántiga nova. Ao modo do pobo” (cf. Correa Calderón 1920 e 1921), pezas que posteriormente refundirá e que inician a andaina do programa literario neopopularista da literatura galega.

A actividade ambulante misioneira coincidiu coa agrupación teatral “La Barraca”, que Lorca organizou á parte en 1932, malia que baixo o mesmo espírito de aproximación cultural ao pobo que traía baixo o brazo a actividade intelectual republicana (cf. Porto Ucha 1986: 375). Despois de pronunciar o seu relatorio en Vigo, en

¹³ A primeira viaxe galega de Lorca dátase entre outubro e novembro de 1916 co gallo dunha excursión estudantil organizada polo catedrático de Historia da Arte da universidade granadina Martín Domínguez Berruete e o catedrático do instituto de Granada Antonio Machado. Despois, Federico publicou o seu itinerario galego no núm. 2-3 da revista *Lucidarium* (cf. García Lorca 1917a, 1917b e 1917c). Desta estada compostelá do escritor andaluz deu conta o xornal compostelán *Diario de Galicia*, que falou dun “joven artista, Federico García Lorca, discípulo del malogrado maestro Granados” (cf. *Diario de Galicia* 1916).

agosto de 1932 o poeta granadino viaxou á Coruña co seu teatro. Nesta cidade, o 22 representou dous entremeses cervantinos (*La cueva de Salamanca* e *La guarda cuidadosa*) e un da escola de Cervantes (*Los dos habladores*), para, a continuación, trasladarse a Compostela o día 24 (onde representou na Quintana *La vida es sueño* de Calderón de la Barca), o seguinte día a Vigo (cf. *El Pueblo Gallego* 1932b) e o 28 a Pontevedra. Nesta cidade, coa presenza do Ministro Fernando de los Ríos, volveu representar, o día 28, as obras cervantinas. O día 30, de paso para Ribadeo, “La Barraca” parou en Lugo (cf. Landeira Yrago 1986: 78-90, Filgueira Valverde 1989: 372-373), onde tamén actuou¹⁴.

O xornal portelista, no que se publicou un artigo que Xesús Bal escribiu sobre a experiencia galega teatral (cf. Bal y Gay 1932), informou da actividade lorquí de “La Barraca”, sinalando a súa incidencia entre os estudantes da *FUE* compostelá (cf. *El Pueblo Gallego* 1932c e 1932d), mentres que, logo da visita do teatro a Pontevedra e Ribadeo nos primeiros días de setembro, a prensa pontevedresa destacaba o compromiso da intelectualidade galega na cristalización dun teatro-barraca semellante ao español (cf. *Escuela Vivida* 1935)¹⁵.

En novembro, froito da interrelación dos comités galegos, García Lorca volveu a Galicia. Nesta ocasión e no *Cine Coliseum*, o domingo 20 disertou en Pontevedra sobre María Rodríguez Cueto, *Marie Blanchard* (cf. Río 1973, Alonso Girgado 1998: 59-60). O contacto serviu para que os mozos que por entón estaban a publicar a revista *Cristal* (Xoán Vidal, Xosé M^a Álvarez Blázquez, Antonio, José e Gabino Díaz de Herrera, Rafael Lois Teijeiro, Ventura de Dios López, Alejandro de la Sota e José Luis Fuentes) se interesasen pola entidade do poeta español.

¹⁴ A chegada de “La Barraca” a Ribadeo debeuse á intervención do musicólogo Bal y Gay como estreito amigo dos directivos da agrupación e especialmente de García Lorca. Segundo unha carta que Carlos Suárez Couto, irmán do pintor Amando e presidente da Biblioteca Popular Circulante, o 27 de agosto de 1932 dirixiu dende Ribadeo a Bal y Gay: “me dirijo a ti como Presidente de la Biblioteca Popular Circulante con el objeto de que nos orientes acerca dela pretensión siguiente. Hemos leído que está actuando en Coruña estos días y en breve lo hará en Lugo, La Barraca, con el éxito que era de esperar, y nosotros deseamos siempre de contribuir a medida de nuestro esfuerzo para despertar el espíritu popular veríamos con sumo agrado que viniese a Ribadeo a darse a conocer dicha agrupación. Como tu tienes seguramente influencia con los directivos de la misma espero que pondrás de tu parte cuanto puedas para que se cumpla nuestro deseo, de consiguiente haz el favor de ponerte al habla seguidamente con esos Sres. y comunica el resultado al Secretario de esta Biblioteca, José Cuervo, a quien ya conoces, pues yo saldré mañana para Madrid. En caso de realizarse la excursión, tal vez sería fácil obtener auxilio dela Comisión de festejos de esta Villa que se preparan para los días 4 al 8 de sepre”. (ABGM, Epistolario, carta de Carlos Suárez Couto, 27/08/1932).

¹⁵ Outro dos proxectos intelectuais galegos que trataban de recuperar a entidade de Lorca e “La Barraca” foi o da constitución, en Compostela, da “Barraca de Feira Resol”, instalada na carballeira de santa Susana con obras de *Laxeiro*, Eiroa, Maside, Fernández Mazas, Colmeiro, Fernández Granell, Ben Bóo, Landín, Souto, Seoane e Torres e rótulos de Díaz Pardo (cf. Pardo de Neyra 2001a: 190 e 227). A idea, que xurdiu dos xoves comprometidos coa *FUE* de Compostela (Maside, Granell, *Laxeiro*, Cunqueiro, Colmeiro, Fole e Caamaño; cf. Castro 1987: 41), estendeuse pola xeografía galega, percorrendo Negreira, A Coruña, Ferrol, Padrón e Vigo.

Faro de Vigo cubriu a información do relatorio de Lorca en Pontevedra. Alí falouse dos comezos do relatorio, no que Lorca empezou:

citando emocionado el nombre auténtico de María Blanchard, la española renegada. Dijo luego que su labor no iba ser crítica, sino simplemente exaltadora.— María Blanchard abrió su primera exposición en Madrid, y con ella vibrantes de ilusión se agruparon todos los artistas jóvenes, pero la crítica oficial la atacó con tal saña, hizo tal escarnio y befa de su persona y de su pintura, que a pesar de la generosidad de los jóvenes artistas, María Blanchard, tan delicada y dulce, tuvo que abandonar España con un recuerdo de gran amargura, desde entonces María Blanchard fue una renegada.— María Blanchard se fue a París con sus cuadros y allí vivió. Admirada de todos realizó una obra portentosa por su valor intrínseco y por su intención orientadora.— Intercala luego el conferenciante la aparición de los “ismos”, del año 9 al 26, pasando la sensibilidad artística por el tamiz dramático de la guerra europea.— El cubismo con el arte desnudo de Picasso, el dadaísmo poético y plástico, el suprarrealismo, con Juan Gris.— Todo ello es maravillosamente estudiado sacando en consecuencia la gloria de la nueva pintura, que no se propone ya el absurdo impresionista de reproducir los cuadros naturales, sino que busca las calidades pictóricas de los objetos, la esencia plástica de las cosas.— Los suprarrealistas pintan como sueñan, constituyendo este la revelación del íntimo sentido artístico que anima a la época en angustioso combate con las normas de la pintura histórica (*Faro de Vigo* 1932).

A visita lorquíá á cidade do Lérez supuxo que o día anterior ao relatorio, o escritor escribiuse no *Café Moderno* un soneto, “Yo sé que mi perfil será tranquilo ...”¹⁶, que pouco despois sería reproducido no núm. 6, un extraordinario que lle ía ser dedicado. Non obstante, a redacción da empresa xa publicara no número anterior os seus textos “Prendimiento de Antoñito el Camborio en el camino de Sevilla” e “La monja gitana”. A continuación, no 7, publicaría “Asesinato”, tamén da autoría de García Lorca:

los animadores de la revista “Cristal”, para los que tan gozosa fue la presencia de Lorca, le invitaron a visitar la redacción improvisada en un desván del hotel Méndez Núñez situado en la plaza de Sna Inés. Nos escoltaba como un tutor, con aire serio el profesor de Literatura del Instituto, don Ramón Segura de la Garmilla, que me había pedido que le presentara a García Lorca. Entramos en aquella especie de guarida de conspiradores políticos donde había por mesa única un cajón y unos pequeños bancos [...] Los jóvenes de la revista “Cristal” se sintieron un tanto incómodos por llevar a Lorca a aquel lugar, pero Lorca les tranquilizó diciéndoles que la revista “Gallo”, de tan efímera vida y que él fundara en Granada en el año 1928 no había tenido mejor cobijo. A la salida Antonio Díaz Herrera y Álvarez Blázquez pidieron a Lorca un poema para un núm. que iba a serle dedicado. Lorca solicitó un lugar para escribirlo y una cuartilla. Cruzamos la plaza de San José y entramos en el salón pequeño del Café Moderno. Sobre una de aquellas pesadas mesas de mármol donde Luís Amado tantas cuartillas escribiera para “Proel”, Federico, sin tardanza, compuso un bellissimo soneto, de gran sonoridad, y con “duro acento romano” [...] Después de leerlo reiteradas veces, se lo entregó a Álvarez Blázquez. En el número dedicado a García Lorca se publicó con una magnífica

¹⁶

Respecto das versións deste soneto, cf. Franco Grande & Landeira Yrago (1975).

ilustración de José Luis Fuentes. También, de su libro *Poeta en Nueva York*, autorizó publicar el poema “Asesinato” “(Dos veces de madrugada)” (Río 1973).

Posteriormente, García Lorca foi convidado á casa que o pai dos Díaz de Herrera tiña no principal do edificio do *Café Moderno* (cf. Yglesias 1973, Río 1973). Alí estaban Virxilio Novoa, Vidal Martínez, Lois, Pintos, Sota, Álvarez Blázquez e os anfitrións. A continuación, no domicilio de Martínez Bautista, o escritor asistiu a un “improvisado concierto [...] onde o poeta recitou versos galegos, entonou as “Cantigas” de Martín Codax, tocou no piano as melodías preferidas e regalou a todos cunha longa, escintilante conversa” (Filgueira Valverde 1989: 373).

O mesmo día que Lorca leu o seu relatorio en Pontevedra, o xornal lucense *El Progreso* anunciou a próxima estada lorquíá na cidade das murallas romanas. En “Comité de Cooperación Intelectual. Conferencia de Federico García Lorca” sinalábase que, como o terceiro acto do comité lucense, o martes 22 de novembro o poeta andaluz daría unha conferencia na deputación de Lugo, na que:

va a pintar en ella, toda la vida, la hermosa vida real y espiritual de la pintura moderna; y toda su angustia, toda la angustia de nuestros pintores, de su vida que García Lorca, conoce en su alma bohemia (*El Progreso* 1932i).

Neses días, no *Café-Bar Mercantil* do palacio de san Domingos, a cafetería máis grande de Galicia, os “Espectáculos Lara” estaban a presentar na cidade o *Trío Lara*, a canzonetista *Matilde de Lara* e os bailes dos *Hermanos Vega*. No teatro do *Círculo de las Artes*, a cinta *Un ianqui na corte do rei Arturo* ocupaba as “Funciones de Moda” da sociedade. O 22 de novembro era soterrado Ramón Robles Neyra, presidente da *Asociación de la Prensa de Lugo*, e o próximo 24 daríase a derradeira función do *Americain Cirque*.

A chegada de García Lorca á cidade galega produciuse á mañá do día 22 de novembro. Na estación do ferrocarril foron agardalo os rapaces de *Yunque*. Acto seguido, con Fole, Cunqueiro e Francisco Lamas marchou á tenda de fonógrafos que na Rúa García Hernández rexentaba Luís Manteiga. Alí, na parte traseira do negocio, a instancias de Lamas e Manteiga¹⁷, seus asesores lingüísticos galegos, Lorca escribiu o fermoso soneto “Madrigal a la ciudad de Santiago” (cf. Alonso Montero 1981:

¹⁷ Segundo unha carta que Ernesto Guerra da Cal escribiu en 1949 a Blanco-Amor, este non tivo nada que ver coa redacción do “Madrigal a la ciudad de Santiago”: “sobre los poemas de Federico —los gallegos se entiende— mi intervención fué servirle de diccionario viviente, y —si me es permitido el decirlo— poético y discriminativo. Él me decía un verso en castellano y yo lo traducía libremente al gallego, buscando, como es natural, las palabras que a él más pudieran impresionarle por color, sonido y evocación mágica. Si no le gustaba alguna —pura y simplemente en un juicio poético, inmediato— yo le daba otras en opción, y él, augustamente, elegía la que le salía de los cojones líricos. Este es el caso de todas —menos la que compuso en Galicia “Chove en Sant-Iago [...]” (cf. Alonso Montero & Villar 1998: 31). Aténdonos aos xuízos de Francisco Lamas, a semellanza do que narrou Guerra da Cal para o resto dos poemas, no caso do madrigal galego a intervención de Lamas e Manteiga determinou a escolleita lingüística galega.

255)¹⁸, que os galegos lle confesaron querer para publicalo na súa propia revista, *Yunque*. A resultas do interese do grupo lugués, o poema foi reproducido por vez primeira neste medio, unha publicación que os membros do comité estaban a editar por aquelas datas. Catro anos despois, sería Fole o primeiro escritor galego que destacase a entidade literaria galega do poeta andaluz (cf. Fole 1936).

A figura do poeta era xa coñecida para a intelectualidade de Lugo: despois de que Correa adiantase en Francia a actividade neopopularista lorquíá na revista *Transit* (cf. Correa Calderón 1928: 298), o mesmo Ánxel Fole, un dos integrantes do comité republicano, xa publicara en *El Progreso* un artigo no que ponderou a actuación literaria das por entón xoves promesas literarias españolas Lorca, Alberti e Diego (cf. Fole 1928).

Despois de xantar, o convidado foi levado ao *Café Hielo-Bar*, estremeiro da tenda de fonógrafos de Manteiga, onde por esas datas se reunía o grupo de *Yunque*. Alí, onde o agardaban Xosé Gayoso Veiga e Manuel Colmeiro, quen estaba residindo en Lugo por intervención dos Correa Calderón, departiu coa esfera de intelectuais republicanos lucenses¹⁹. A continuación, con eles, dirixiuse ao palacio de san Marcos, sé da deputación provincial republicana de Lugo, sito na mesma rúa, e despois de ser recibido polas autoridades da xestora provincial, presidida polo deputado chantadino Daniel Vázquez Campo, García Lorca leu o seu relatorio “*Marie Blanchard* (vida y angustia de la pintura moderna)”.

O acto foi glosado ao día seguinte pola redacción do xornal *El Progreso*, que publicou a nota “Comité de Cooperación Intelectual. María Blanchard (vida y angus-

¹⁸ Aínda que o propio Manteiga sinalase que o soneto fora escrito para el en Compostela: “andabamos a falar de mil cousas, de poesía de música, da amada Rosalía e do bruxo Mateo, e buscabamos suprendel-o misterioso engado de Santiago noitelo, nas rúas escuras e molladas, no atrio saudoso de San Francisco, no pórtico de Salomé, no Valdediós, nos Castaños. Fuimos a Quintián a ver descer as doce horas no relojo da Berenguela e demoramos no Obradoiro silenzosamente enfeitizados. Despoixas, cando Federico cordial e vivo nos dixo a deus, deixounos nas maus o seu primeiro poema galego” (Manteiga 1936). Como “Madrigal a la ciudad de Santiago”, o seu título orixinal, o texto viu a luz no núm. 6 de *Yunque* (datado en outono de 1932). Despois, como “Madrigal, a la ciudad de Santiago”, apareceu no núm. 6 de *Resol* de Compostela (datado en decembro do mesmo ano), o 8 do mesmo mes en *El Pueblo Gallego* de Vigo e, tamén co título castelán, o seguinte día 10 en *El Sol* de Madrid. Posteriormente sería incluído nos *Seis poemas galegos* co título galego “Madrigal à cibdad de Santiago” (cf. García Lorca 1935). Convén anotar que se *El Sol* o colleu do núm. 6 de *Resol* (pois no xornal madrileño faise mención dos versos que, a carón do poema lorquíán, Gerardo Diego publicou no mesmo número da revista compostelá), *El Pueblo Gallego* colleuno da versión ofrecida pola publicación lucense *Yunque* (cf. Landeira Yrago 1986: 98, n. 178). Isto non é de estrañar se temos en conta que Fole comezou a traballar para o medio portelista durante a II República, cando polas ocupacións políticas de Portela Valladares, o seu propietario, o medio vigués era dirixido polo intelectual galeguista Xulio Sigüenza.

¹⁹ Novamente por medio de Correa Calderón e, esta vez, ao son do seu diálogo coas esferas culturais portuguesas, unha representación dos *yunques* apareceu presente na antoloxía galega que en 1932 o escritor de Neira de Rei preparou para a revista lisboeta *Descobrimiento*. No seu núm. 5, Cunqueiro dedicou a Lamas o poema “Rosal ...”, a Martínez López a peza “Non quero saber si a fiestra ...” e a Fole o poema “Coma un ollo: Todo o branco do serán ...” (cf. *Descobrimiento* 1932: 158-159).

tía de la Pintura moderna). Conferencia de García Lorca” na primeira plana do número correspondente a ese día. Nela sinalouse:

Federico García Lorca, leyó ayer su ensayo dramático sobre el tema expresado. En él, nuestro poeta, hace un magnífico estudio histórico de la pintura, para colocar a María Blanchard. Estudia Lorca la pintura desde el siglo XIX, pintura realista de Claudio Monet hasta 1926, en que hace su aparición el grupo surrealista de Dalí y Miró, pasando por el cubismo de 1909, las direcciones pictóricas de 1914 y la pintura poética de 1920, todo estudiado en magníficos caracteres de crítica y de expresión.

García Lorca, nos habla después de María Rodríguez Cueto, la pintora santanderina, que se expatrió en España y se hizo llamar María Blanchard, porque en España no fué comprendida. Con rasgos de poesía y una descripción que fluctuaba de lo patético a lo dramático, García Lorca nos describe la vida de artista y de mujer de María Blanchard, y su muerte en un seno cristiano en el que ella se había alojado como último consuelo.

Y nos describe también el poeta la triste vida del arte, que pareció entristecerse con la muerte de María Blanchard, entrando en una agonía, que Lorca traza con unas pinceladas de admirable sensibilidad.

La disertación ha sido magnífica y motivó en su final un entusiasta aplauso de un público numeroso que asistió y entre el cual figuraban numerosas mujeres.

Por nuestra parte, igualmente nuestro aplauso, extensivo al Comité de Cooperación, al que debemos estos actos de tan alto valor cultural (*El Progreso* 1932m).

Cando rematou a charla lorquiá, o mesmo grupo que o tivera acompañado pola viaxe lucense decidiu convidalo á casa de Ramón Martínez López na Rúa de Quiroga López-Ballesteros. No domicilio do catedrático galeguista, no que cearon, realizouse unha velada literaria. Fole, que tamén analizou a repercusión de Lorca en Lugo, lembrou aquela reunión:

fué este mismo Manteiga quien trajo la noticia a la tertulia de que Lorca había aceptado la invitación de dar una conferencia en Lugo. Gran revuelo en la tertulia... un día frío y lluvioso de aquel otoño de 1933²⁰, llegó Federico a nuestra ciudad.

A todos nos encantó su llaneza, gracia y simpatía. Nos daba la impresión de que se encontraba entre nosotros como pez en el agua. Ya no veíamos en él al gran poeta, sino al amigo que le habíamos conocido toda la vida. El Lorca humano que teníamos delante, borraba un tanto al Lorca poeta. Sus charlas amicales nos interesaron más, infinitamente más, que su conferencia, aun siendo ésta muy meritoria. Por cierto que había asistido a ella un centenar escaso de personas, quizá las únicas que conocían su obra, ya en el umbral de la más vasta popularidad que haya alcanzado ningún poeta minoritario en España. Su *Romancero gitano*, tan arraigado en lo popular, lo convertiría muy pronto en el poeta más imitado del siglo. El mismo nos explicaría la influencia de su lírica en la de Aberti, Cernuda y otros grandes poetas andaluces.

Nos habló Federico de su reciente estancia en Santiago, y del gran número de amigos que allí dejara, que lo eran también nuestros. Para él, era San-

²⁰

Posteriormente, Fole corrixiu este erro (cf. Fole 1976 e 1981: 173).

tiago, una ciudad única en el mundo, con su “sol camelia y su luz enferma”, llena de poesías y misterio, como surgida del fondo de un sueño. Acababa de escribir sus seis poemas gallegos, y nos cedió dos generosamente para ser publicados en cierta revista. Creía que otros poetas andaluces seguirían su ejemplo y escribirían también en la lengua de Pondal. Y así fué. Varias veces nos expresó su entusiasmo por el gallego como lengua lírica y su honda devoción por la poesía de Rosalía, tan angustiada y auténtica. Prefería estéticamente el bravo paisaje de la tierra luguesa, al de Pontevedra. Le parecía éste demasiado dulce y blando. También nos habló de Cuba, donde había estado meses atrás. Admiraba el fuerte colorido de su paisaje. Tuvo un recuerdo para los poetas de aquella hermosa isla, especialmente para Nicolás Guillén. Y luego una vuelta por su querida Andalucía... La evocación de su Granada natal; su amistad con Falla y la Argentina; su encuentro —ya tan lejano— con Antonio Machado [...] el día de la conferencia, después de cenar, hubo tertulia en casa de Ramón Martínez López, profesor hoy en Austin, de Literatura Española. Este amigo nuestro tenía entonces un piso de soltero en la calle Quiroga Ballesteros, en la misma casa en cuyo bajo está instalado Mi Bar. Café, licores, habanos y tabaco rubio. Federico nos recitó algunos poemas suyos inéditos; entre ellos, tres o cuatro de su libro *Un poeta en Nueva York*. Asistieron a la reunión Álvaro Cunqueiro, que llegara aquel día de Mondoñedo.

Federico declamaba:

*Agua, luna y arena...
Una muerte pequeña.*

*Con una cuchara
sacaba los ojos a los cocodrilos
y golpeaba el trasero de los monos...*

de noctámbulos embufandados; se cerraban con estrépito Inverosímilmente aguda o pasmosamente grave, la voz del recitador subía o bajaba... Y como la recitación de versos me ha parecido siempre un tanto cómica, tenía que hacer grandes esfuerzos para cercenar la risa. Creo que Federico lo notó. Que el maravilloso poeta me lo perdona ahora, desde los Campos Elíseos, si no me lo ha perdonado antes...

También Cunqueiro leyó algunos poemas suyos, que merecieron el cálido elogio de parte del poeta granadino.

Salimos de casa de Ramón Martínez a las tres de la mañana, y aun deambulamos por la muralla y por las calles. La espesa niebla ponía un halo multicolor en torno a las luces de las farolas. Nos cruzábamos con numerosos grupos a las puertas de los tabernuchos; un sereno reñía con algunos alborotadores. García Lorca estaba asombrado de que en Lugo, con un clima tan riguroso, se trasnochase tanto. Y también nosotros nos asombrábamos al oírle decir que en Granada se trasnochaba mucho menos. “¡Qué heroicos!”, exclamaba Federico (Fole 1955: 2-3).

No *piso de solteiro* de Martínez López, onde se aloxaba a sé provisional do *Partido Galeguista de Lugo* (que desde 1936 e por intervención de Gayoso Veiga, pasaría aos baixos da casa núm. 12 da Rúa do Miño, por entón domicilio das irmás Pardo-Gayoso, curmás do trotskista lucense), Lorca congregou a Fole, Enrique Ramos, Xosé Gayoso, Francisco Lamas e a súa esposa, Xosé e Carlos Pimentel (aos que coñecera na Residencia de Estudiantes de El Pinar), Luís Manteiga, Antonio Suárez Vi-

llamarín, María Torviso Monge e Álvaro Cunqueiro, quen lle puido adiantar parte da súa obra ao poeta español (cf. Fole 1976). Isto sucedía antes do seu coñecido paseo polo adarve das murallas co grupo de *Yunque*, previamente a que Federico se retirase a descansar a unha das habitacións do *Hotel Méndez Núñez*, onde estaba aloxado.

Foi o Dr. Lamas²¹, o primeiro alcalde plenamente esquerdista da historia de Lugo, quen completou o periplo lucense de García Lorca. Afirmando que o madrigal a Compostela fora escrito na cidade das murallas romanas, expuxo:

Federico estuvo en Lugo porque le llevó el Comité de Cooperación Intelectual. Tengo nada menos que el original de uno de sus poemas gallegos, que escribí allí, en Lugo precisamente. Por Federico he sentido siempre una enorme veneración. Nunca olvidaré una vuelta que dimos, de noche, a la muralla ... Estaba Fole y todos los del grupo. Porque Federico, con todo y ser un poeta excepcional, era más artista todavía que lo que se conoce en sus libros, porque no llegó a dar de sí todo lo que tenía dentro, le asesinaron muy joven. Y hablando con él, u oyéndole tocar el piano, o cantar, era una cosa verdaderamente encantadora. A mí me hizo un regalo maravilloso. Fue al día siguiente del paseo nocturno por la muralla, que lo llevé a la Catedral, y allí, frente al altar, me recitó su Oda al Santísimo Sacramento (cf. Torres Mulas 1987: 43-44).

5. APROXIMACIÓN AO “MADRIGAL Â CIBDÁ DE SANTIAGO”

Este poema lorquíán non levaría o seu título definitivo, o galego “Madrigal â cibdá de Santiago”, ata que Eduardo Blanco-Amor decidise facerse cargo da composición e recompilación dun poemario galego, os *Seis poemas gallegos de Federico García Lorca*, que desde a súa editora Nós de Compostela publicou Ánxel Casal Gosenxe en 1935. Curiosamente, ambas as dúas figuras, editor e poeta, ían ser unhas das primeiras vítimas da barbarie terrorista falanxista nos comezos da guerra civil española.

Esta peza, que respecto das versións anteriormente publicadas presentaba alteracións debidas á man de Guerra da Cal, quen entregou o feixe documental a Blanco-Amor, foi a que abriu o poemario:

Chove en Santiago
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecida ô sol²².

²¹ Segundo Alonso Montero, quen por vez primeira publicou o madrigal orixinal de Lorca, Lamas, ademais de conservar a peza enmarcada no seu despacho madrileño, tamén posuía “unha carta autógrafa de Federico na que lle di: “Siempre me gusta ir a Galicia y estoy muy contento de volverte a ver. Como aquí trabajo ahora sin descanso, espero los verdes húmedos y la niebla como una mano reparadora”” (Alonso Montero 1981: 255-256).

²² No ms., *Resol*, *Yunque* e *El Pueblo Gallego* “brila entebrecido o sol”. En *El Sol* “brilla entebrecido o sol”. Nótese como coa alteración presente na edición de Blanco-Amor ficaba desvirtuado o significado dado por Lorca ao primeiro cuarteto do poema. Neste verso, entón, a que brillaba

Chove en Santiago
na noite escura²³.
Herbas de prata e de sono²⁴
cobren a valeira lúa²⁵.

Olla a choiva pol-a rúa,²⁶
laio de pedra e de cristal.²⁷
Olla no vento esvaído²⁸
soma e cinza do teu mar²⁹.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol;
Ágoa da mañán anterga³⁰
trema no meu corazón (García Lorca 1935).

Con este poema, tal e como denunciou en 1936 Augusto M^a Casas Blanco, se iniciou unha polémica “en las “capillas” de los elegidos” debido a que tras a súa publicación a crítica do momento procedeu a unha “dura sanción” contra os “jóvenes poetas de Galicia”, mentres que, seguiu a sinalar Casas, nel “García Lorca con voz de pontifical, les señalaba el error: ¡En Galicia está el Jordán de la poesía nueva!” (Casas 1936). Desta forma, o madrigal non só representaba a Galicia dos poetas novos, senón que profundaba na Galicia da que falara Correa Calderón, a Galicia da paisaxe, a Galicia de Compostela, “donde la poesía mana como en su primera agua”, a Galicia marítima, atlántica e cantábrica, a Galicia da chuvia e da auga, a tradicional. A auga, elemento vital, que dá sustento á terra e berce que deu orixe á vida, era un dos símbolos máis recorrentes na poesía erótica de todos os tempos. García Lorca comezou o seu madrigal lembrando a chuvia, a eterna compañeira da paisaxe galega, da paisaxe compostelá: “chove en Santiago / meu doce amor”.

Outro dos problemas que se nos descubren ao interpretar a peza é quen é ese “amor”. De aternos aos xuízos de Manteiga, que situou a redacción do poema na capital de Galicia, quizais poidamos dirixilo a Carlos Martínez Barbeito, un dos acompañantes do poeta pola cidade galega, mellor que a Ernesto Guerra da Cal, compañeiro de estudos do primeiro, nesta época xa íntimo amigo de Lorca e polo que este sentiu

ao sol era a camelia do verso antecedente, mentres que Lorca o que quería sinalar era o brillo entebrecido do sol compostelán.

²³ No ms., *El Sol, Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “Na noite escura.”.

²⁴ No ms., *El Sol, Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “Herbas de prata e sono”.

²⁵ No ms. “cobren a valeira lua”. En *El Sol, Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “cobren a valeira lúa.”

²⁶ No ms., *Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “Olla a choiva pol-a rúa”. En *El Sol* “Olla a choiva pol-a rúa”.

²⁷ No ms. “laio de pedra e cristal”. En *El Sol, Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “Ceio de pedra e cristal”.

²⁸ No ms. “Olla no vento esvaído”. En *El Sol, Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “Olla no vento esvaído”.

²⁹ En *Yunque, Resol, El Pueblo Gallego e El Sol* “Soma e cinza do teu mar”.

³⁰ No ms. “Agoa [tachado “agua”] de mañán anterga”. En *El Sol, Yunque, El Pueblo Gallego e Resol* “Agoa de mañán anterga”.

máis que unha simple amizade (cf. Casas 1998)³¹. Malia que moitas veces mesmo se teña especulado coa posibilidade de que os manuscritos de case todos os poemas galegos de García Lorca fosen realizados pola man do galego, sen embargo, Guerra da Cal non acompañou a Federico en 1932 durante a súa visita compostelá.

Martínez Barbeito sinalou a perda dun manuscrito dunha peza poética coa que Lorca o agasallou antes de despedirse de Compostela, un poema que en ton melancólico evocaba a paisaxe, a humidade e o mar de Galicia (cf. Martínez Barbeito 1945), e foi precisamente o “Madrigal a la ciudad de Santiago”, que o escritor andaluz leu a Guerra da Cal despois da súa chegada a Madrid (cf. Gibson 1998: 390), o motor que provocou que ambos os dous comezasen a redacción conxunta dos *Seis poemas galegos de Federico García Lorca*:

parece evidente que Lorca no había pensado, durante su visita a Santiago, en la posibilidad de escribir un poema en gallego, idioma que desconocía. De regreso a Madrid leyó a Guerra da Cal el poema compuesto en Santiago. Sólo entonces, o quizá un poco más tarde, surgió la idea de colaborar juntos en una composición de tema afín escrita en gallego. Así fue cómo nació aquel verano “Madrigal a la cibdá de Santiago”, donde el poeta quería expresar la impresión que le había producido la ciudad bajo la lluvia —esa lluvia persistente en Galicia— y, al mismo tiempo, una vaga nostalgia amorosa [...] Lorca aprendió el poema de memoria, y al volver aquel otoño a Galicia con La Barraca no sólo lo recitaría ante el asombro de varios oyentes sino que lo entregaría para su publicación en una revista (Gibson 1998: 389-390)³².

A chuvia, un dos elementos de maior recorrencia na percepción racial galeguista, é quen de dotar a visión que do sol tiña a esfera intelectual galega. Nunha realización metafórica, a da delicada “camelia branca do ar”, preséntase o astro, do que se perciben brillos emanados a través das tebras que o arrodean. O sol, segundo dos elementos que aparecen na primeira estrofa da peza, quizais teña relación co asombro da voz poética diante do espacio chuvioso compostelán, no que este sol, como camelia branca (flor prototípica dos espazos palacianos galegos), se corresponda co

³¹ Foi en 1931 cando Federico “en Madrid coñece e mantén unha relación de amizade con Ernesto Pérez Güerra [Guerra da Cal], con Seraffín Ferro, co poeta Euxenio Montes e co capitán de aviación ferrolán Francisco Iglesias Brage” (Alonso Montero & Villar 1998: 12). Segundo recolleu Ian Gibson, que tamén localizou Compostela como lugar no que por vez primeira foi escrito o madrigal: “Santiago de Compostela volvió a conmover profundamente a Lorca. Había entonces en la ciudad una galaxia de jóvenes escritores y artistas que, después de la conferencia, le acompañaron por la ciudad. Entre ellos iba un joven estudiante, coruñés como Guerra da Cal, Carlos Martínez-Barbeito. Al chico le sobrecogió tanto el carisma del poeta como a éste el físico del otro [...] Tanto le impresionó Santiago de Compostela a Lorca que declaró que sentía la necesidad de expresar su conmoción en un poema. Antes de abandonar la ciudad regaló a Carlos Martínez-Barbeito la copia de uno que acababa de escribir, tal vez el mismo. Martínez extravió posteriormente el manuscrito —tampoco parece haber sobrevivido el original de Lorca—, recordando en 1945 que evocaba, en un tono de profunda melancolía, el paisaje, la humedad y el mar de Galicia” (Gibson 1998: 389).

³² Desta forma, o madrigal, xa na súa versión galega e que Lorca sabía de memoria, foi a peza coa que en 1932 agasallou a Lamas e Manteiga en Lugo, peza que, segundo Francisco Lamas, o propio Federico escribiu na tenda musical de Luís Manteiga.

“amor” ao que o poema está dirixido. Esta é a primeira estrofa do madrigal, un cuateto polo que comprobamos a efectividade do xénero lírico adoptado, o do madrigal, un dos máis hábiles para a expresión condensada das consideracións amorosas³³.

Efectivamente, en “Madrigal a la ciudad de Santiago”, Lorca compuxo un poema de temática amorosa e delicada, sinxela e intimista. Respecto da forma, distribuíu o poema en catro estrofas de versos heptasílabos con rima asonante nos pares.

Unha vez situada Compostela nun eido envurullado na chuvia e cun sol brillante, aínda que entebrecido pola néboa, na segunda estrofa segue a chover en Santiago. Agora é de noite, e na escuridade, “herbas de prata e sono / cobren a valeira rúa”. O elemento rural, o das herbas, complementase coas alusións á lúa (a cor prata das herbas e o sono implicitamente destacan o astro nocturno), ausente da estrofa en beneficio da soidade rueira da noite. A primeira e a segunda estrofas están unidas temática e formalmente (ambas as dúas comezan co mesmo verso), mentres que a terceira e a cuarta forman, independentemente, dous conxuntos á parte. Na terceira, pois, é desde a que a voz poética increpa o “amor”, e na cuarta, finalmente, realízase unha recapitulación que pecha os desexos expresados nos versos anteriores. A terceira estrofa, como a primeira, está explicitamente dirixida ao seu “doce amor”. A este tamén o increpa para que descubra na chuvia urbana un “laio de pedra e cristal” (un laio forte, o da pedra, e un delicado, o do cristal, o das bágoas) e para que comprobe que no “vento esvaído” está a “soma e cinza do teu mar”, metáforas puras que reflicten o clímax da paixón amorosa: o cume e a escuma do mar do amante. Finalmente, na derradeira estrofa recóllense todos os elementos provocadores da temática amorosa do madrigal: a “soma e cinza do teu mar”, “Santiago, lonxe do sol” e a “Agoa de mañán anterga”, que “tremen no meu corazón”.

O significado final do poema, por tanto, terma dunha despedida que contén a paixón do amor realizado, a mística dunha cidade afastada do sol e a súa auga “de mañán anterga”, quizais a derradeira visión dun poeta que, despois de confesar a súa conmoción diante da cidade (cf. Franco Grande e Landeira Yrago 1975: 12), gardou de quen lle puidese incitar a composición dos versos galegos. Desta forma, pois, recoñecendo que a redacción do poema se debe fundamentalmente a un encontro amoroso (nada mellor que un madrigal para expresar iso), pode ser máis axeitado situar a súa escrita en Compostela, en maio de 1932, tras a despedida do grupo galego que o guiou pola cidade apostólica. Aínda e todo, o “Madrigal â cibdá de Santiago” sitúase de cheo no compromiso cultural que un Lorca republicano realizou coas esferas intelectuais progresistas de Galicia. Xa que logo, emocións e motivos á parte, o poema lorquíano aparece como froito da interrelación establecida nuns tempos ferventes e ilusio-

³³ O madrigal apareceu en Italia no século XIV, asociado á música e ao canto, caracterizado pola súa brevidade, xeneralmente de dez a doce versos heptasílabos e hendecasílabos que rimaban segundo o gusto do poeta, e pola sinxeleza e delicadeza do asunto, normalmente de temática amorosa. Foi Rafael Alberti, compañeiro de Lorca na revitalización do popular na literatura española, quen, no século XX, resucitou formalmente o madrigal, aínda que dándolle unha temática diferente, xa non delicada e amorosa. O seu “Madrigal al billete de tranvía” así o confirma.

nados entre dúas formas de ver a literatura na península ibérica: a española, a do Sur, e a galega, a do Norte. Iso si, ambas as dúas guiadas por un único proxecto común.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO GIRGADO, L. (dir.) (1998): *Cristal. Revista literaria. Pontevedra (1932-1933). Edición facsímile*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- ALONSO MONTERO, X. (1974): "García Lorca, Federico". *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 15. Santiago de Compostela - Xixón: Silverio Cañada, ed.: 183-188.
- (1981): "Encuentro, en Madrid, con García Lorca e Francisco Lamas". En *ESCRITORES: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...* Sada, A Coruña: Edición do Castro: 253-256.
- & M. VILLAR (eds.) (1998): *Textos e documentos para o congreso sobre García Lorca en Galicia. García Lorca, poeta en lingua galega. 13, 14 e 15 de xullo. Facultade de Filoloxía. Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Galaxia.
- ARAQUISTÁIN, L. (1920): *España en el crisol (Un Estado que se disuelve y un pueblo que renace)*. Barcelona: Minerva.
- Archivo Bal y Gay de Madrid (ABGM): Carta de Carlos Suárez Couto a Jesús Bal y Gay, Ribadeo, 27/08/1932. Epistolario de Bal y Gay, Residencia de Estudiantes (Madrid).
- AZAÑA, M. (1990): *Azaña, mensaje de futuro*. Madrid: A.R.D.E.
- BAL Y GAY, J. (1932): "Tambor y pregón de La Barraca". *El Pueblo Gallego*. Vigo, 26/08.
- BRIHUEGA, J. (1982): *La vanguardia y la república*. Madrid: Cátedra.
- CASAS, A. M. (1936): "García Lorca, poeta gallego". *El Pueblo Gallego*. Vigo, 8/05.
- CASAS, D. (1998): "Compostela impresionó al escritor andaluz hasta el punto de considerarla una urbe "única en el mundo". Lorca encontró entre sus amigos gallegos la inspiración para muchos de sus poemas". *La Voz de Galicia*. A Coruña, 7/06.
- CASTRO, X. A. (1987): *Colmeiro desde Colmeiro (Historia de dúas conversas)*. Sada, A Coruña: Edición do Castro.
- CORES TRASMONTE, B. (1989): *Ciencia e galegitude na II República*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia e Administración Pública, Servicio Central de Publicacións.
- CORREA CALDERÓN, E. (1920): "Arte popular. Pra acompañamento de gaita, o lonxe". *A Nosa Terra* 109. A Coruña, 15/01, 12.
- (1921): "Cántiga nova. Ao modo do pobo". *A Nosa Terra* 136. A Coruña, 15/03, 7.
- (1928): "Rose des Vents de la Poésie Espagnole d'aujourd'hui". *Transit* 3. Toulouse, maio, 287-198.
- Descobrimento* (1932): "Antoloxía de poetas galegos". Núm. 5. Lisboa, primavera, 155-162.
- Diario de Galicia* (1916): "Excursión de los alumnos de la Universidad de Granada" (art. ed.). Santiago de Compostela, 27/10.
- El Progreso* (1931): "La República" (art. ed.). Lugo, 17/04.
- (1932a): "Conferencia de Cruz Gallástegui en el Círculo de las Artes". Lugo, 14/05.
- (1932b): "Pro-Ateneo" (art. ed.). Lugo, 7/08.
- (1932c): "Comité de Cooperación Intelectual de Lugo. Conferencia de Ramón Gómez de la Serna" (art. ed.). Lugo, 18/09.
- (1932d): "Gómez de la Serna en Lugo" (art. ed.). Lugo, 23/09.

- (1932e): “Ramón Gómez de la Serna” (art. ed.). Lugo, 24/09.
- (1932f): “Mitin comunista en Lugo” (art. ed.). Lugo, 27/09.
- (1932g): “Comité de Cooperación Intelectual” (art. ed.). Lugo, 29/10.
- (1932h): “Comité de Cooperación Intelectual” (art. ed.). Lugo, 4/11.
- (1932i): “Comité de Cooperación Intelectual. Conferencia de Federico García Lorca” (art. ed.). Lugo, 20/11.
- (1932j): “El Ateneo Popular en marcha” (art. ed.). Lugo, 22/11.
- (1932m): “Comité de Cooperación Intelectual. María Blanchard (vida y angustia de la Pintura moderna). Conferencia de García Lorca” (art. ed.). Lugo, 23/11.
- (1932n): “Reunión del Partido Galleguista” (art. ed.). Lugo, 25/11.
- El Pueblo Gallego* (1932a): “Federico García Lorca” (art. ed.). Vigo, 8/05.
- (1932b): “La Barraca en Santiago” (art. ed.). Vigo, 23/08.
- (1932c): “La Barraca en Santiago” (art. ed.). Vigo, 27/08.
- (1932d): “La Barraca en Santiago” (art. ed.). Vigo, 28/08.
- Escuela Vivida* (1935): “Marginales” (art. ed.). Núm. 2. Pontevedra, 9/05.
- Faro de Vigo* (1932): “Crónica de Pontevedra” (art. ed.). Vigo, 22/11.
- FERNÁNDEZ DE LA VEGA, C. (1975): “Los de ‘Ronsel’”. *Ronsel. Revista de Arte. Número extraordinario del cincuentenario de su publicación (1924-1974)*. Vigo: Artes Gráficas Galicia: 59-61.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1989): “Federico García Lorca”. En *V Adral*. Sada: A Coruña: Edicións do Castro: 372-373.
- FOLE, A. (1928): “Aspectos. El amor al libro”. *El Progreso*. Lugo, 25/10.
- (1936): “Lorca, poeta gallego”. *El Pueblo Gallego*. Vigo, 1/02.
- (1955): “Recuerdo lucense de Federico García Lorca”. *Galicia Emigrante* 8. Buenos Aires, xaneiro: 2-3.
- (1976): “Ramón Martínez López en la Academia Gallega”. *El Progreso*. Lugo, 1/02.
- (1981): *Cartafolio de Lugo*, Lugo: *Círculo de las Artes* (inclúe o artigo “Estancia de Federico García Lorca en Lugo”, 173-176).
- FRANCO GRANDE, X. L. & X. Landeira Yrago (1975): “García Lorca en Galicia. Tres versiones de un soneto”. *Ínsula* 339. Madrid, 3.
- G(ARCÍA). D(ÍAZ), A. (1932): “El Comité de Cooperación Intelectual. La conferencia de Ramón Gómez de la Serna”. *El Progreso*. Lugo, 25/09.
- GARCÍA LORCA, F. (1917a): “Impresiones y paisajes. Un hospicio en Galicia”. *Lucidarium* 2-3. Granada, xaneiro (repr. en F. García Lorca, *Impresiones y paisajes*. Granada: Imprenta y Litografía Paulino Ventura Traveset, 1918, ed. facs. Granada: Don Quijote, 1981, 247-248).
- (1917b): “Impresiones del viaje. Santiago”. *Letras*. Granada, 10/12 (repr. en I. Gibson: “Los primeros escritos impresos de Federico García Lorca”. *Bulletin Hispanique* 1-2, vol. LXX. Bordeos, 1968: 116-121).
- (1917c): “De Santiago a Coruña”, Archivo de la Fundación Federico García Lorca (repr. en F. García Lorca: *Obras Completas IV. Primeros escritos*, ed. de M. García-Posada. Barcelona: Galaxia Gutenberg - Círculo de Lectores, 1997, 1085, algunhas das súas frases foron transcritas por I. Gibson en F. García Lorca: *De Fuente Vaqueros a Nueva York*. Barcelona: Grijalbo, 123), circa xullo.
- (1935): *Seis poemas galegos de Federico García Lorca. Prólogo de E.B.A.* Santiago de Compostela: Nós.
- GIBSON, I. (1998): *Vida, pasión y muerte de Federico García Lorca 1898-1936*. Barcelona: Plaza & Janés.

- GRANDÍO SEOANE, E. (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*. Vigo: A Nosa Terra.
- Guión (1931): "Lectores". Núm. extraordinario do día de Galicia. Lugo, 1/05: 1.
- GURRIARÁN, R. (2001): "Ensino, IIª República e Valdeorras". *Festas do Cristo. O Barco, do 13 ao 16 setembro 2001*. O Barco de Valdeorras: Concello do Barco, Concellería de Cultura: s.p.
- HERMIDA GARCÍA, M. (1987): *As revistas literarias en Galicia na segunda república*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- LANDEIRA YRAGO, J. (1986): *Federico García Lorca y Galicia*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- MANTEIGA, L. (1936): "Libros: Seis poemas galegos". *Heraldo de Galicia*. Ourense, 3/02.
- MARAÑÓN, G. (1932): "Un año de República. España en franquía". *El Sol*. Madrid, 14/04.
- MARTÍNEZ BARBEITO, C. (1945): "García Lorca, poeta gallego. Un viaxe a Galicia del cantor de Andalucía". *El Español*, Madrid, 24/04 (repr. in *Grial* 43. Vigo, 1974: 90-98).
- PARDO DE NEYRA, X. (1999): *Ánxel Fole: pazos e nacionalismo*, tese de licenciatura dirixida por ANXO Tarrío Varela, Departamento de Filoloxía Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, inéd.
- (2001a): *Lugo: cultura e República. As manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- (2001b): *Presencia de Lugo na utopía republicana. Cinco anos de ilusións e liberdade a través do espello intelectual de Galicia. 70º aniversario da proclamación da Segunda República Española*. Lugo: Scio.
- PORTO UCHA, A. S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Residencia. Revista de la Residencia de Estudiantes* (1933a): "Reunión del Comité de Letras y Artes del Instituto de Cooperación Intelectual de la Sociedad de Naciones", núm. 3. Madrid, maio: 103-112.
- (1933b): "Reunión del Comité de Letras y Artes del Instituto de Cooperación Intelectual de la Sociedad de Naciones", núm. 4-5. Madrid: outubro-novembro: 161-182.
- RIAÑO LANZAROTE, A. (1931): "La España que hace. La obra de Sbert. Las FUES". *La Conquista del Estado*. Madrid, 14/03.
- RÍO, L. del (1973): "García Lorca en Pontevedra". *Diario de Pontevedra*. Pontevedra, 12/08.
- TOBÍO, L. (1994): *As décadas de L.T.* Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- TORRES MULAS, R. (1987): *El Lugo de la diáspora*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Vanguardia Gallega* (1933): "O novo espírito no Arte" (art. ed.). Lugo, 25/04.
- YGLIASAS, A. (1973): "Juan Vidal Martínez, poeta en el silencio". *El Día*. Santa Cruz de Tenerife, 10/07.
- Yunque* (1932): "Re-presentación" (art. ed.). núm. 1. Lugo, 1/05, 1.